

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2021)

Proceso selectivo: 2 PEÓNS FORESTAIS

No centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 09:00 h do día 29/07/2021, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 2 peóns forestais adscritos a subvención APROL RURAL 2021 no Concello de Rianxo segundo as bases e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 613/2021 do 15/07/2021 coa seguinte composición:

Presidenta: *M^a Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)*

Vocal: David Cobas Medín, Técnico de Normalización Lingüística no Concello de Rianxo (I)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa (III)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa (C2)

A Presidenta declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 18 de xullo de 2021 preséntase a oferta de emprego corresponde na oficina de emprego de Boiro; e o día 19/07/2021 recíbese o resultado da dita oferta.

Segundo: o día 29 de xullo de 2021 ás 09:00 horas convócanse a todos os integrantes da oferta para a proba escrita no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e explica como se vai desenvolver a fase de concurso e a proba de galego.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: ás 09:05 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto do resto do proceso. Póñense en coñecemento das persoas aspirantes e infórmanse de que:

- solo unha persoa presentou os documentos xustificativos do coñecemento do galego e a outra persoa aspirante que superou a proba escrita debe realizar a continuación a proba de galego incluída nas bases de selección;
- todas as persoas teñen que presentar no Rexistro Xeral do Concello a documentación xustificativa dos méritos que desexen alegar para que se lle teñan en conta na fase de concurso.

Preséntanse 5 aspirantes e quedan excluídas as persoas non presentadas.

Ás 09:19 horas iníciase a proba escrita que remata ás 09:50 h.

A continuación iníciase as probas orais de galego falado; e rematan ás 10:20 h co resultado de que a persoa aspirante presentada superou a proba e considérase APTA nela polo que continúa no proceso.

O Tribunal réunese de novo ás 12:00 h do mesmo día para facer as valoracións dos exames e da

documentación presentada polos aspirantes no Rexistro Xeral do Concello polo que se obteñen os seguintes resultados:

PEÓN DE FORESTAL	OPOSICIÓN	CONCURSO (Puntuación máxima 4 ptos.)					
		Máx. 1 p.	Máx. 1 p.	Máx. 0,50 p.	Máx. 0,50 p.	Máx. 1 p.	
NOME E APELIDOS	Proba escrita	Carné conducir	PRL	Igualdade	Galego	Circunstancias persoais	TOTAL
ALCALDE ORDÓÑEZ ELISA	NON APTO						0,00
ARIAS SENDÓN MARIA BEGOÑA	NON APTA						0,00
CESPÓN MUÑIZ JOSÉ LUIS	NON APTO						0,00
IGLESIAS TORRES, SUSANA	10,00	1,00	1,00	0,00	0,00	0,50	12,50
LAFUENTE PIMENTEL RAFAEL	7,36	1,00	2,00	0,00	0,25	0,60	11,21

O tribunal propón ás persoas que ocupan os dous primeiros postos, pola orde na que aparecen, para a súa contratación como peóns forestais:

NOME E APELIDOS
IGLESIAS TORRES, SUSANA
LAFUENTE PIMENTEL RAFAEL

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:00 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola Secretaria do Tribunal.